
Rama de coñecemento

Ciencias

Prazas

60

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

Pretende formar profesionais da industria química. En España as empresas químicas representan o cuarto sector industrial en importancia e xeran aproximadamente o 10 % do produto industrial bruto. Os químicos/as profesionais desempeñan tarefas

de investigación, desenvolvemento, deseño, enxeñaría e control de procesos en diversos ámbitos (madeireiras, petroquímicas, siderúrxicas, alimentario, farmacéutico, industria cosmética etc.).

Áreas

— Procesos industriais: deseño e control da produción en procesos industriais, laboratorios químicos industriais, estudos de contaminación ambiental, tratamento de residuos tóxicos, química agrícola (insecticidas, herbicidas...), fabricación de produtos químicos (inorgánicos, orgánicos).
— Docencia en institutos, centros de formación profesional e universidades.

— Ámbito sanitario: análises clínicas, tratamento de pragas fitosanitarias, toxicoloxía, saúde pública como contaminación de augas, detección de contaminantes.
— Asesoría e consultoría: estudos ambientais, auditoría ambiental, control de calidade.
— Investigación en centros públicos (universidades, CSIC) e centros privados de I+D+i.

Saídas profesionais

— Industria farmacéutica
— Industrias agroquímicas e do medio
— Industrias petroquímicas
— Industrias biotecnolóxicas

— Laboratorios de análise
— Consultorías
— Hospitais
— Docencia

+ Info

Os estudos de química ofrecen unha ampla formación multidisciplinaria en diversos campos da ciencia básica. Os titulados/as en química son un dos colectivos nos que as perspectivas de incorporación ao mercado laboral se mostran máis favorables. Grazas á química, o uso do cloro proporciona o 98 % da auga potable que se consome no mundo.

Unha fábrica de fibras químicas sintéticas ten o mesmo rendemento ca un rabaño de 12 millóns de ovellas, que necesitarían un prado do tamaño de toda Galicia para alimentarse.
